

## RESUMO DA REUNIÓN DE REPRESENTANTES DE ESTUDANTES DA FACULDADE DE INFORMÁTICA – 19/02/2009

### 1. Valoración da resposta aos comunicados.

Logo de 10 días de espera pola resposta aos comunicados enviados, nos que se solicitaba a creación dunha plataforma para coordinar as datas de mobilización, tan só se recibiu resposta da RITSI, onde se nos indicaba que xa existía un organismo similar chamado Mesa de Atribucións, pero que o seu funcionamento non era o axeitado. Visto o nulo interese das entidades afectadas por darlle solución ao asunto, acórdase unánimemente poñerse en contacto co resto de representantes de estudantes dos centros de Informática en Santiago de Compostela e en Ourense, ademais dos Colexios profesionais de ámbito galego, para acordar unha reunión nos primeiros días de marzo de cara á constitución da Plataforma, que coordine, cando menos, as decisións a nivel galego.

### 2. Manifestacións do 21 e 26 de febreiro.

Con respecto á manifestación do 21 de febreiro convocada por [www.huelgainformatica.es](http://www.huelgainformatica.es), constátase polos representantes de estudantes, unha vez máis, a falta de coordinación. Primeiro, pola data escollida (sábado de entroido), no que a maioría de estudantes marchará aos seus respectivos lugares de orixe; segundo, pola mala organización desta, sen apenas tempo para publicitala através de carteis. Dáse conta tamén da ambigüidade coa que xoga, por exemplo, o Colexio profesional, pois pasouse de non considerar un interlocutor válido a *huelgainformatica* a apoiar implicitamente as iniciativas que eles leven a cabo.

Constátanse tamén máis ou menos os mesmos argumentos con respecto á manifestación do 26 de febreiro, coa salvedade de nin sequera saber, na altura, cal é o lugar da suposta manifestación, o recorrido, etc.

Así pois, os representantes de estudantes non imos apoiar formalmente a convocatoria de ningunha das dúas manifestacións, deixando a decisión a título individual de cada quen. **Agardamos, polo ben común, que fructifique a convocatoria da reunión aberta para constituir unha plataforma a nivel galego**, onde se escolla unha xunta directiva e que sexa quen leve o peso das distintas iniciativas a realizar.

En A Coruña, a 19 de febreiro de 2009